

B-4

1992
2.º semestre

Cadernos de lingua
6

O PRÍNCIPE LOUIS LUCIEN BONAPARTE, PRECURSOR DA LINGÜÍSTICA GALEGA

JOHANNES KABATEK
Universidade de Tübingen

José Antonio Arana-rentzat
mila esker, biotzez.

1. Na segunda metade do século XIX, nos albores do rexurdimento galego e cando aínda a penas se contaba con estudos serios sobre a lingua, moi lonxe de Galicia, un filólogo ocupábase da lingua galega, interesábase por moitas cuestións relativas a ela -algunhas de entre elas aínda de interese considerable hoxe en día-, publicou o primeiro libro do século escrito enteiraamente en galego e intentaba conseguir, se ben non estivera en Galicia, o máximo posible de información sobre a lingua galega, sen que en Galicia se soubese da súa actividade. Trátase do príncipe Louis Lucien Bonaparte, sobriño do Emperador Napoleón, personaxe interesantísimo no relativo á historia da lingua galega e a penas estudiado en Galicia¹. O presente estudio quere dar unha visión de conxunto dos esforzos do príncipe para conseguir unha imaxe clara do panorama lingüístico galego, esforzos que comezan nos anos cincuenta e que non deixan de ocupalo ata pouco antes do seu falecemento en Fano (Italia) en 1891.

¹ De feito, o único que se ocupou en Galicia da obra de Bonaparte foi o profesor Xesús Alonso Montero, quen nos anos 60 publicou uns artigos sobre o tema e quen deste xeito deu a coñece-la obra do príncipe, no primeiro lugar a traducción do evanxeo de San Mateo, obra, segundo as propias palabras de Alonso Montero, "ignorada [...] totalmente, por la erudición gallega" (Alonso Montero 1957-58, p.1). Moitos dos aspectos ós que facemos referencia no presente estudio xa os contara Alonso Montero nos mencionados artigos. Sendo aqueles artigos de difícil acceso para os lectores actuais e existindo novos traballos sobre Bonaparte, á parte de ser interesante unha exposición nova, máis ampla e desde outros puntos de vista, achamos útil reproducir algúns datos xa publicados por Alonso, a quen temos que agradece-lo seu descubrimento, que nos posibilitou os primeiros coñecementos sobre o tema.

1.2. Nace o príncipe Louis Lucien Bonaparte Bleschamp en Thorngrove (Worcestershire) o 4 de xaneiro de 1813,² de pai corso, irmán do Emperador, e de nai francesa, aprendendo así desde pequeno francés e inglés, linguas ás que cómpre suma-lo italiano, como "linguas naturais", como di nunha carta escrita cando tiña 71 anos:

[le] toscan, qui avec le dialecte romain, l'italien en général et le français, est ma langue naturelle

En 1815, a familia trasládase a Italia, onde o príncipe estudia a partir de 1824, seguindo despois dos estudos básicos cos de química e de mineraloxía, materias sobre as cales publica varios traballos de investigación ata 1843. Segundo José Antonio Arana, "fue justamente en 1839 cuando se empezó a interesar por los estudios lingüísticos."³ O seu primeiro estudio lingüístico publícase no ano 1847 e xa indica o camiño polo que vai segui-lo interese do príncipe: o estudio comparativo das linguas europeas, cunha inclinación dialectolóxica, centrado sobre todo no estudio da fonética, campo de onde saen os mellores resultados da obra do príncipe, como puxo de manifesto A. R. Gonçalves Vianna despois da morte de Bonaparte:

O Príncipe [...] ocupou-se com muito proveito em comparações fonológicas entre aquelas diversas linguas e dialectos [i.e. o vasconço, as linguas eslavónicas, as linguas célticas, uralo-altaicas, o albanés, os dialectos románicos de Italia, o portugués, os dialectos da Hispanha, etc.]. A este aspecto os seus traballos despertarán sempre a curiosidade dos entendidos, e serán em todo o tempo lidos com utilidade, pe'los factos bem averiguados e preciosos que conteem. [Gonçalves Vianna 1890-92: p. 352]

Nos anos 50, á parte dunha certa actividade política,⁴ comeza a estudar-lo euskera, lingua sobre a que, ó longo da súa vida, realizará unha serie importante de estudos, moi ben editados hai pouco pola Real Academia Vasca con ocasión do centenario da morte do príncipe.⁵

A partir de 1852, despois dunha estancia en París, instálase en Londres. Alí desenvolve unha actividade filolóxica intensa e comeza a se ocupar tamén do galego. Segundo José Antonio Arana, o interese

² Seguimos aquí as informacións dadas por José Antonio Arana Martija no seu prólogo ó catálogo das obras do príncipe (González Echegaray 1989: pp. 7-26), onde hai máis datos e informacións.

³ en: González Echegaray 1989: p. 12.

⁴ Na súa necroloxía do príncipe, Gonçalves Vianna di ó respecto: "Tomou parte deminutíssima na política, porque o estudio lle absorveu todas as facultades." (Gonçalves Vianna 1890-92: p. 351).

⁵ Véxase Louis Lucien Bonaparte, *Operá omnia vasconice*, ed. facsímil a cargo de José Antonio Arana Martija, 3 vols., Bilbao 1991.

dos primeiros anos da súa actividade filolóxica concéntrase sobre todo no estudio da lingua vasca, pero despois

Bonaparte salió de su marco casi exclusivamente vasco y comenzó a partir de 1858 a publicar traducciones bíblicas, los mismos textos que ya había publicado en euskera, al corso, sardo, ruso, bretón, escocés y a diversos dialectos italianos e ingleses [en: González Echegaray, 1989: 16].

Falta na lista o galego, lingua da que comeza a ocuparse na mesma época.⁶ De feito, a lingua sobre a que máis traballa durante toda a súa vida é a vasca, á cal dedica 68 das súas 219 publicacións lingüísticas, e visita o País Vasco en repetidas ocasións ó longo da súa vida. Non teño noticia de se o príncipe realizou unha viaxe a Galicia, pero paréceme que non, sendo a súa información toda chegada a través dos seus intermediarios vascos ou a través de galegos que vivían en Londres. Sen embargo, nos últimos anos da súa vida, na época xa de madurez e cando máis informacións acumulara sobre o galego, tiña intención de realizar unha viaxe a Galicia xunto co dialectólogo portugués Gonçalves Vianna para estudar algúns trazos dialectais do galego, pero a súa saúde non llo permitiu, como escribe nunha carta a Gonçalves Vianna que data do 26 de Outubro de 1884:

Mes 71 ans accomplis, et encore plus ma santé, ne me permettent pas de vous accompagner en Galice! [*Correspondance*, p. 31]

De tódolos xeitos era -mesmo se considerámo-lo problema metodolóxico que tiña por non estar no sitio e por non poder facer estudos de campo- o príncipe un dialectólogo serio cunhas ideas moi claras que é necesario ter en conta ó estudiármola historia do galego do século XIX.

1.3. Examinaremos agora a obra que o príncipe compuxo ou mandou compor sobre o galego, da cal se conservan as seguintes publicacións, cartas e manuscritos:

- Unhas cartas sobre problemas da lingua galega, de finais dos anos 50
- Unha tradución do evanxeo de San Mateo, escrita no ano 1860, en manuscrito, por Vicente de Turnes, de Santiago
- Outra tradución da mesma obra, feita na mesma época, por José Sánchez de Santamaría, tamén de Compostela, en manuscrito,

⁶ Nunha colección de traduccions da oración dominical compilada polo príncipe nesa época atópase tamén unha versión galega: "en la última hoja en blanco, anotó de su puño y letra un <Pai noso> en gallego que tomó de boca de <Don Ramón de Vivero y Auge, Oficial primero del Cuerpo Administrativo del Ejército>", (Arana Martija, "Prólogo" en: González Echegaray 1989: pp. 15-16).

coas correccións ortográficas e morfolóxicas do príncipe, e en versión impresa e publicada en Londres no ano 1861 cun prólogo do príncipe sobre "observaciones comparativas sobre la pronunciación gallega, asturiana, castellana y portuguesa"

- A correspondencia que sobre o galego tiveron o príncipe Luís Luciano Bonaparte e mailo dialectólogo portugués Gonçalves Vianna⁷

2. O primeiro paso: O contacto con Vicente de Turnes

No ano 1859 o príncipe comeza a buscar unha traducción galega do evanxeo de San Mateo, con fins exclusivamente filolóxicos: sobre todo para ter unha base de comparación entre o galego e os dialectos veciños (na mesma época, a través duns amigos de Oviedo, procura conseguir unha traducción asturiana do evanxeo). Non sabemos canto sabía o príncipe sobre o galego nin tampouco de onde conseguira a súa información; é probable que fosen os seus amigos vascos os primeiros en informalo sobre as variedades lingüísticas do noroeste peninsular posto que toda a correspondencia para conseguila traducción galega se fai a través deles. De intermediario principal serve don Antonio de Aspiazu, de Vitoria, quen, ás veces directamente, outras veces pasando polo seu amigo Calisto Vázquez, tamén vasco, se encarga de mante-lo contacto co príncipe, facéndose entón longo o camiño que vai desde Galicia a Vázquez, desde Vázquez a Aspiazu, de Aspiazu a Bonaparte e ó revés. Mesmo así, os resultados son dunha exactitude ás veces sorprendente e o fluxo de información funciona bastante ben.⁸

No mes de setembro do 1859 establécense os primeiros contactos. Antonio de Aspiazu dirixese o 27 de Agosto a Andrés Jacinto Suárez, "Regente de la Escuela Práctica Normal de Santiago", pedíndolle a traducción do evanxeo; a esta demanda Suárez contesta explicando a súa "poca suficiencia para tamaña empresa", e propón que a realice "mi especial amigo, el distinguido literato D. José López de la Vega, natural del Ferrol." Este escribe a Aspiazu que sabe "el gallego y lo escribo, aunque no tenemos gramática ni diccionarios" e asina como "doctor en medicina y escritor público." Pero parece que López de la Vega se quere aproveitar demasiado do contacto: pide que o príncipe

⁷ Cf. a lista de Alonso Montero 1962: p. 3-4.

⁸ Desta correspondencia consérvanse 14 cartas, con 7 páxinas de notas, na biblioteca da Real Academia Vasca, arquivadas baixo o número 467 no catálogo de González Echeagaray (1989, p. 138). Faltan as cartas do príncipe: o conservado é só a correspondencia entre os intermediarios e os tradutores galegos.

lle pague unha viaxe a Londres, ten un afán -para o príncipe- demasiado teolóxico (unha das súas razóns para traduci-lo evanxeo é a loita contra os protestantes, que "no perderán medio para conseguir sus fines"). Ademais, a suma de 300 Francos que lle ofrece o príncipe parécelle "mesquiña". O primeiro contacto bonapartiano con Galicia resulta, pois, un fracaso.

O segundo intento faino Calisto Vázquez dirixíndose o ano seguinte á Secretaría Arzobispal de Santiago, de onde recibe unha carta datada do 4 de Abril de 1860, na que se lle propón que faga a traducción o doctor Vicente de Turnes, "sujeto muy acreditado en la versión", pola que quere que se lle paguen catro onzas de ouro. Aspiazu envía o 13 de Abril unha carta a Bonaparte na que di que Turnes podería face-la traducción, manifestando que "como es doctor, supongo que trabajará bien." Segundo Alonso Montero, "dada la humildad de la literatura vernácula en 1860 hay que decir que la elección fue acertada."⁹ No mesmo mes o príncipe pide -a través de Aspiazu- unhas informacións sobre cuestións lingüísticas concretas. O 25 de abril Turnes contesta cunha carta na que se explican os trazos principais do galego, carta valiosísima e interesante para toda a historia das ideas que posteriormente desenvolverá o príncipe Bonaparte sobre o galego, e que reproducimos no Apéndice I. As principais informacións contidas nesta carta son as seguintes:

- o galego é un "dialecto" xeralmente uniforme, que se fala con algunha variedade nas distintas zonas do seu territorio, variedade que afecta sobre todo ó vocalismo e mailo léxico
- existe seseo (e non só implosivo), con distintas variantes, predorso-dental ("francesa") e apical ("castellana")
- non hai vocais nasais en galego
- hai zonas de dialectos de transición cara ó portugués e ó asturiano
- hai confusión entre *b* e *v*
- non existe o sonido da *jota* castelá [x] en galego, no seu lugar pronúnciase [ʃ], ou sexa, un *s* palatal
- o ditongo *ou* pronúnciase sempre [ow], sen a vacilación *ou/oi* do portugués
- o *n* final pronúnciase igual do que no castelán
- hai continuidade do galego antigo ó moderno
- hai diferenza grande entre os falares da xente do campo e o galego "culto y pulido" das "villas y ciudades civilizadas"

⁹ Alonso Montero (1962), p. 5.

- respecto á ortografía, proponse o grafema <xs> para o s palatal [ʃ] para evita-la confusión co castelán

Moitas das afirmacións feitas por Turnes son acertadas, aínda á luz das investigacións posteriores, outras menos. O dito respecto ó seseo é certo, aínda que non se precisen os límites exactos. O que di respecto ó n final é certo desde o seu punto de vista: como no castelán de Galicia o n final é velar (como en galego), para Turnes, soa "como acción en castellano", á parte de non ser velar a pronuncia normal do castelán fóra de Galicia.¹⁰ É interesante o que di sobre o que el chama "gallego culto y pulido": parécelle -como a moita xente da súa época e ata hoxe en día- mellor o galego castelanizado de cidade; cheo de elementos "cultos", que en realidade son os elementos onde o galego coincide co castelán ou mesmo puros castelanismos; rexeita o que ten de "tosco y rudo" o galego, non sabendo que desta maneira rexeita elementos que son autenticamente galegos.

Vicente de Turnes comeza pronto a traballar e pode envia-lo primeiro capítulo do evanxeo xa no mes de abril; o que segue despois é unha longa serie de cartas sobre cuestións lingüísticas concretas. É difícil ás veces saber se é o príncipe Bonaparte desde Londres quen pon as preguntas ou se é máis ben o seu colaborador Aspiazu; ás veces encóntranse a pé de páxina notas de Aspiazu comentando o dito por Vicente de Turnes. De tódalas maneiras é difícil saber canta precisión de informacións tivera o príncipe, xa que soamente témo-la metade da correspondencia e temos entón que adiviñar a través dela o que estaría na outra.

Máis cuestións concretas trátanse nunha carta de Turnes a Calisto Vázquez que data do 27 de Maio de 1860. Nun ton ben rosaliano, Turnes explica que

como carecemos de gramática y diccionario del dialecto gallego, no podemos dar reglas fijas en la materia, ni tampoco apelar á lo que se usa por haber muy poco escrito en gallego

Confirma o antedito sobre a pronunciación do n velar castelán o feito que Turnes escribe "la palabra: unha necesita la h, para distinguirla de la castellana: una" -Hai que distingui-la grafía do n por pronunciarse doutra maneira có n castelán intervocálico da palabra *una*,

¹⁰ Cómpre sinalar que o n final velar dentro do territorio de fala castelá é xeograficamente maioritario, posto que é a pronuncia normal da case todo o español de América, de Canarias, de Galicia e de Andalucía, pero na norma do castelán, que é unha norma do centro-norte do español peninsular ou tamén a norma da fala culta madrileña, o n é alveolar. Mesmo así, é un trazo que pouco chama a atención dos falantes e que por iso non se rexeita da mesma maneira que outros trazos dialectais, considerados "vulgares" por moitos falantes, como a *gheda* p.e.

que tamén no castelán de Galicia se pronuncia alveolar. Interrogado sobre o seseo, Turnes contesta nesa carta que a distinción de s e z non se dá só na provincia de Lugo. Discútese outros problemas de ortografía, tal por exemplo a cuestión do y, que na opinión de Turnes non debe usarse en galego. Sobre o o final, Turnes opina que "se pronuncia como en castellano"; hai que recordar que o príncipe se interesaba tamén polo asturiano e polo portugués, linguas nas que o o final se pronuncia moi pechado, coma u, pronuncia que se dá tamén en Galicia, pero que non existe p.e. no galego de Lugo nin tampouco na fala "culto" de Santiago, de Vicente de Turnes.

Nas cartas seguintes fálase doutros capítulos enviados; a traducción remátase en poucos meses ata que, o 11 de Agosto de 1860, Turnes comeza a falar de "los infundados reparos que se hacen a mi traducción". O príncipe non está de acordo coa versión; quere cambia-la ortografía e tamén algunhas formas morfolóxicas e lexicais. Turnes, dependendo economicamente da paga do príncipe, non se opón, pero quéixase: "No me opongo a las adiciones en el [el impreso enviado anteriormente] [h]echas,¹¹ aunque considere innecesarias la mayor parte de ellas, pero noto que algunas no están en gallego", escribe nunha carta do 20 de Agosto de 1860. Así critica, p.e. a forma "dolores agudos" e propón "doores fortes". En repetidas ocasións Turnes insiste sobre o feito de que hai que escribir "bo galego", que non é, na súa opinión, o galego rústico senón a fala dos "cultos"; dos exemplos que dá podemos derivar que este "galego culto" é, outra vez, o galego castelanizado de cidade:

Tal es mi opinión; fundada en el dialecto que se usa en los pueblos cultos mas no en el de los campesinos, segun el cual puede decirse : estrela por estrellá; ceo por cielo, pra por para [...]

O príncipe mándalle a través de Vázquez e de Aspiazu listas con casos nos que ten dúbidas e das que se conservan dúas coas respectivas respostas de Turnes (véxase a primeira, de Outubro 1860 no Apéndice II; a segunda data do 31 Outubro coas respostas do 6 de Novembro). Turnes contesta proponendo ás veces varias posibilidades (p.e. *agua/agua*, *algús/alguns*, *moi/mui*) outras veces só unha forma correcta (*hirmans*, *mans*) sendo a forma proposta en varias ocasións prestada do castelán (*incienso*, *pueblo*, *cielo*, *Xseneración*, *Iglesia*). Propón tamén unha regra de acentuación ("todas las vocales sueltas

¹¹ Nos escritos de Turnes nótase que a penas tiña coñecementos lingüísticos. Tamén no seu castelán hai moitos casos onde se nota que non coñece ben as regras de ortografía; á parte de moitos casos de confusión *b/v* (*livertad*) hai tamén casos de omisión do *h* (*echas*) e de seseo e ceceo (*fraces*, *sinco*, *pasífico* etc.).

deben tener acento") e dá, sobre todo na carta do 6 de Novembro de 1860, varios comentarios respecto ó léxico, con opinións que a Calisto Vázquez, colaborador de Bonaparte, lle parecen pouco cribles. Segundo Turnes, "hacia ela" é "gallego usado" -cousa da que dubida Vázquez: evidentemente, é unha verba que Turnes no seu galego de cidade usaría, sen embargo non é galega. Noutros casos, Turnes tende á ultracorrección: hai palabras das que cre que son castelanismos só porque probablemente nunca as oíra en galego, como *lirio*, para a que propón *caravel*, ou *perlas*, para a que propón *pedras de grande valor*. Outras veces confunde o nivel popular co que é autenticamente galego, así di que "en gallego se puede usar charco en lugar de lago", palabra que non é "máis galega" senón doutro rexistro. Aspiazu dubida desde Vitoria que sexa a verba correcta: "hay duda si se puede usar charco por lago, como p.e. el lago de Ginebra, que en Gallego se supone que será como en castellano *lago* de Ginebra y no *charco*", ó que Turnes contesta que "en gallego se puede usar charco en lugar de lago." A resposta de Turnes envíalla Aspiazu a Bonaparte cunha nota a pé de páxina: "Con charco de la 23 no sé si estará acertado."¹² Sobre outro caso hai unha particular discusión: Turnes escribe *Xsalilea*, có grafema <xs> [ʃ]. Noutro lugar, Turnes dixo que a <j> castelá pronunciada [x] en galego facíase [ʃ]. ¿Trátase, pois, dunha ultracorrección dada polo feito de que Turnes coñece a pronuncia de *Galilea* con gheada [alilea], a cal confunde coa pronuncia castelá, facéndoa entón *Xsalilea* en galego? Non é moi satisfactoria esta explicación, xa que Turnes traduce do castelán, da Biblia de Torres Amat, onde *Galilea* aparece, naturalmente, con esta grafía. Na correspondencia parece que Aspiazu xa sospeita que existe algo como o fenómeno da gheada (véxase o N° 22 do apéndice II). Non se contenta coa resposta de Turnes, xa que escribe o 31 de Outubro:

Por último, *Galilea* que en castellano suena gutural suave, dudo á pesar delo q. en su anterior decia, pueda pronunciarse como fuerte, esto es, como x en gallego, si bien me conformo en las sílabas fuertes ge, gi ó sea je ji, y tam.^{en} por ja, jo ju; mas no en ga, go, gu, y cuando esté gue, gui

Cun ton case enfadado Turnes contesta o 6 de Novembro: "tengo dicho, que en gallego para nada se usa la j, y repito que Uds. pueden reprimir, ó añadir á mi traducción lo que les parezca". Aspiazu comenta nunha nota a Bonaparte: "con el sonido suave de la g de

¹² O fenómeno da confusión *nivel popular/galego enxebre* é coñecido na época: no diccionario de Rodríguez, de 1863, aparecen como galegas palabras castelás coma *cositas*, *currutaco*, *chiquillicuatro* *espumilla*, *mingamona* por non se encontraren no diccionario da Real Academia Española, palabras da moda da fala urbana da época, véxase Pensado 1976: p. 367).

Galilea no creo lo esté [i.e. acertado], cuando lo considera como la j con su sonido fuerte." Como veremos máis adiante, o príncipe tardará aínda vinte anos máis ata ter coñecemento da existencia da gheada no galego.

3. O segundo paso: a publicación do evanxeo e os criterios de corrección idiomática

A traducción de Turnes non chegou a se publicar. Como non temos ningunha noticia posterior ó mes de novembro de 1860, só é posible adiviña-las razóns: xa nos reparos que se fan na correspondencia da que dispoñemos é evidente que Turnes prefere moitas veces solucións "cultas", do galego urbano castellanizado, cousa que non parece interesa-lo príncipe, como dixo Xesús Alonso Montero:

Probablemente L.L. Bonaparte deseaba un texto en gallego no castellanizado, inconseguible dadas las preferencias de Turnes. [Alonso Montero 1963: p. 5]

Bonaparte publica no ano 1861 outra versión do evanxeo de San Mateo, da que se fai unha tirada de 250 exemplares.¹³ Desta versión témo-la versión publicada e mailo manuscrito coas correccións do príncipe gracias ó que -xunto á versión de Turnes- podemos coñecer-los criterios que tiña o príncipe para a ortografía galega e coñecer-lo que para el era galego correcto. Podemos estar seguros de que tiña criterios moi claros: as longas discusións sobre detalles lingüísticos -tamén ortográficos- confirman: despois de *A gaita galega* de Pintos, obra que tamén se ocupa de cuestións lingüísticas, temos na obra do príncipe o primeiro intento de creación dun galego escrito e unificado, neste caso dun lingüísta de formación moito máis ampla cá

¹³ *El evangelio de San Mateo traducido al dialecto gallego de la version castellana de Don Felix Torres Amat, por Don José Sánchez de Santa María. Precedido de algunas observaciones comparativas sobre la pronunciaciön gallega, asturiana, castellana y portuguesa por el Príncipe Luis Luciano Bonaparte. Londres 1861.* Na solapa interior lemos: "We certify that only 250 copies of this work have been printed, of which one is on thick paper." Alonso Montero supón que á parte da versión de Turnes e da publicada hai outra, xa que nun catálogo de manuscritos do príncipe hai noticia dunha traducción "al dialecto gallego que se habla al norte de Santiago de Compostela" (Alonso Montero, 1963, p. 5). Esta traducción (co número 465 no actual catálogo de manuscritos do príncipe na biblioteca de Euskaltzaindia, en Bilbao) é evidentemente o manuscrito de Turnes: se comparámo-la discusión na correspondencia coas solucións do manuscrito vemos que tódalas propostas de Turnes (tamén as que chaman á atención, como p.e. a grafía <xs> para o s palatal) tamén se encontran neste manuscrito; así que non hai tres versións do evanxeo, como supón Alonso Montero, senón dúas.

de Pintos.¹⁴ O feito de que tiña criterios de normatividade vémolos tamén nas *Observaciones comparativas sobre la pronunciación gallega, asturiana, castellana y portuguesa* que preceden o evanxeo (Apéndice III): nelas -aínda que sexan moi breves- atópanse ideas non soamente descritivas, senón normativas e que propoñen unha selección dentro da variedade dialectal: Sobre a distinción entre [θ] e [s], Bonaparte di que "es menester guardar la pronunciación castellana" -e o príncipe ben sabe que hai seseo en partes de Galicia.

Se comparámo-lo texto publicado e as observacións do príncipe cos manuscritos das dúas traducións, podemos extrae-los seguintes criterios:

- **na ortografía** adóptase un criterio máis ou menos foneticista, cun só grafema para o [ʃ] palatal, <x> (a cambio de Turnes, quen empregaba <xs>); mantemento das grafías /<v>, do <h>; grafema <nh> para o [ɲ] velar intervocálico. Probablemente adaptando o criterio do portugués, cámbianse tódolos <y> por <i> (p.e. *rey* por *rei*, *foy* por *foi*, con inconsecuencias ou erratas como p.e. *mayor*, *mayores*). Unifícase a terminación en consoante nasal e só se adopta o -n na grafía, pronunciado velar, como o explica o príncipe na introducción (hai algunha errata ou falta de consecuencia, como no verso 8 do capítulo 2, onde atopámo-la grafía *Belem*, pero normalmente encontramos *Belen*). Nótase a clara intervención do príncipe nas grafías dos nomes gregos (corríxese *Thamar*, *Pharés*, *Ezechias*, por *Tamar*, *Farés*, *Ezequías* respectivamente) que adapta á grafía galega, e nos acentos, conformes ó uso castelán da época e, ademais, usados no primeiro elemento dos ditongos decrecentes *ou*, *eu*, *oi* (p.e. *chegóu*, *despóis*, *prendéu*). Tamén é o príncipe quen muda as combinacións de preposición e artigo como *por o* ou *a o*, e preposición é demostrativo como *en esta*, *en aquel*, solucións todas dos manuscritos de Turnes e de Santamaría, por *pol o*, *ao* e *'naquel*, *'nesta* etc. Ás veces muda a vocal átona e por i, en harmonía co portugués (*direito* en lugar de *dereito*).

- sobre a **fonética** temos información en primeiro lugar a través da introducción do príncipe (véxase apéndice), onde non se acepta a pronunciación relaxada das vocais átonas, rexéitase o seseo, non se

¹⁴ Na enorme biblioteca do príncipe (uns 24.000 vols.) encóntrase un exemplar do libro de Pintos, entre outros 30 libros galegos (!), algúns deles tan importantes para un lingüista como a gramática de Saco y Arce, a de Mirás, os dicionarios de Valladares e de Rodríguez e o libro de Cuveiro Piñol, pero non sabemos se o príncipe xa tiña o seu exemplar da *Gaita* na época da publicación do evanxeo (véxase Collins, 1984: pp. 341-343).

menciona a gheada¹⁵, distínguese o *n* velar cun grafema propio, dise que o *b* e mailo *v* non se distinguen, négase a existencia de sibilantes sonoras, polo menos no galego culto, e anótase que os artigos *o*, *os* coa preposición *a* se pronuncian [ɔ] e [ɔs] respectivamente, aínda que na grafía se adapten as formas *ao*, *aos*, por harmonía co portugués, que se menciona como xustificante desta solución.

- **na morfoloxía** nótase, á parte de castelanismos evidentes, sobre todo na morfoloxía verbal (p.e. formas compostas como *habe-mos chegado*, *ten habido*, *habedes oído* etc.) unha tendencia a escolle-las solucións do galego central, o cal non extraña se consideramos que Santamaría era de Compostela e que o príncipe case non intervéñ nas solucións del.

Hai numerosos casos de uso do subxuntivo de futuro, o cal non indica que se usase no galego falado da época: emprégase sempre que aparece no orixinal castelán de Torres Amat, e podemos atribuílo ó intento de escribir nun estilo solemne.¹⁶ Non se usa o infinitivo conxugado. As formas compostas encóntranse con máis frecuencia na versión de Turnes ca na de Santamaría e son todas aceptadas na versión publicada. Parece que o príncipe, quen fixo unha clasificación do verbo vasco aínda hoxe de gran valor lingüístico,¹⁷ non daba moita importancia ó sistema verbal galego, ou que supoñía a identidade deste co sistema castelán.

Fóra do sistema verbal, mencionamos só uns exemplos de solucións morfolóxicas: no caso das terminacións en *-ade*, *-ude* (*cidade*, *multitude*), o príncipe sempre emprega as formas que hoxe en día se consideran vulgares (*ciudadá*, *multitú*), aínda que Santamaría emprega tamén as formas da normativa actual (harmónicas, ademais, co portugués).

Nas terminacións procedentes do latín -ANU, empréganse xeralmente as solucións do galego occidental (*hirman/hirmans*), aínda que ó mesmo tempo se empregue *mau/maus*.¹⁸ Desde unha perspec-

¹⁵ Á parte do caso enriba mencionado de *Xalilea*, que pode ser unha mostra de falsa analogía a base da pronunciación galega con gheada, atopamos no evanxeo outro caso explicable da mesma maneira, a palabra *sinagoxa*, que debería ser *sinagoga*, como no galego actual e nas linguas veciñas.

¹⁶ Na versión de Turnes hai un caso onde muda o subxuntivo de futuro do orixinal en presente de subxuntivo; só despois dunha pregunta na correspondencia con Aspiazú acepta tamén o futuro: indicación de que o futuro de subxuntivo lle parecía estraño ó galego.

¹⁷ El mesmo falaba do seu "asunto favorito, el verbo vasco", cf. Arana Martija 1989, p. 19.

¹⁸ Turnes escribía *man/mans*; Santamaría escribe *mau/maus*, aínda que no manuscrito é moi difícil distingui-lo *u* do *n*.

tiva dialectolóxica actual, as dúas solucións son explicables, encontrándose a cidade de Santiago xustamente no límite entre as isoglosas *an/au*.¹⁹

No caso da redución do nexo *KWA > KA*, o príncipe xeneraliza a solución maioritaria do galego (p.e. *cando, cal* etc.), mesmo que Turnes nunca a emprega e Santamaría vacila entre as dúas solucións, probablemente por influencia do castelán. Posiblemente tamén por influxo do castelán Santamaría adopta *mui/muito*, en contra da solución máis divulgada *moi/moito*, que encontramos en Turnes; a aceptación da primeira no impreso pódese atribuír ó criterio de harmonía co portugués.

- no léxico hai moitos castellanismos, sobre todo no léxico relacionado co mundo relixioso, como *dios, diablo, demonio, estrella, ánxel*, o cal non estraña, tratándose dun campo semántico castelanizado desde a idade media; mesmo así, non se adopta a forma *cielo*, aínda que Turnes nunha carta a defende como pertencente ó "galego culto", senón que se prefire a solución *ceu*, de Santamaría. Á parte diso, hai moitos castellanismos, pero son en xeral os que ata hoxe en día son bastante comúns en todo o país e que son un dos grandes problemas da planificación lingüística actual, que intenta resucita-las formas enxebres. No evanxeo encontramos, entre outras, *ciudad, árbol, pueblo, hasta, salir, fruto* etc. Tamén hai formas semanticamente castellanizadas, como *nosoutros/vosoutros*, que se empregan como exclusivas, e non a carón de *nós/vós*, con diferenciación semántica (inclusión/exclusión)²⁰, ou *fogo*, que se emprega por *lume* (se ben no manuscrito de Turnes alteran *lume* e *lar* polo castelán *fuego*).

Resumindo podemos dicir que Bonaparte aplica varios criterios para a súa publicación do evanxeo: o primeiro de todos é a homoxeneidade: onde hai vacilación nos manuscritos, intervén e corrixe ata chegar a unha única solución. Ás veces o príncipe muda tamén as formas dos dous manuscritos porque lle parecen inadecuadas (como o castellanismo *meter na cárcel*, de ámbolos manuscritos, que cambia en *meter na cadea*), ás veces con solucións inexistentes, como o relativo *quens*, onde temos *os que* en Turnes e *os cales* en Santamaría. Moitas veces prefire as solucións de Turnes, sobre todo cando este na correspondencia as defendeu, así p.e. *dores*, e non *dolores*, como en Santamaría, *uns* e non *unhos*, *nai/pai* e non *nay/pay* como tamén noutros casos de ortografía, etc. O portugués, do que o príncipe sabe que é

¹⁹ Véxase Fernández Rei, 1990: pp. 59-64.

²⁰ Cf. Álvarez Blanco 1980: pp. 19ss.

máis parecido ó galego ca ó castelán, serve moitas veces como pauta de corrección. Pero sempre se busca a solución máis galega, non hai lusitanismos. Tendo en conta todo eso, case non podemos xa falar do evanxeo traducido por Santamaría, quen ademais tiña probablemente como modelo a versión de Turnes (como se nota nalgunhas solucións que chaman a atención pero que se repiten); sería mellor falar dunha edición do evanxeo feita por Bonaparte a base das dúas versións.

4. A madurez: a correspondencia con Gonçalves Viana

Despois da publicación do evanxeo, Bonaparte segue interesándose polo galego. Sen embargo, o seu interese principal concéntrase no Euskera. Tardará máis de vinte anos ata volver a se ocupar do galego, ocupación á que chega a través do contacto con dous dos mellores filólogos portugueses da época: José Leite de Vasconcellos e A.R. Gonçalves Vianna. O que lle interesa é, no principio, a pronunciación exacta das vocais portuguesas, das que publica a súa clasificación, cunha distinción de 29 vocais, en 1883.²¹ Pero a correspondencia con Gonçalves Viana, publicada en 1899, non demorará moito ata toca-lo tema do seu maior interese: o galego, como escribe Bonaparte nunha carta do 29 de Setembro de 1884:

[...] le galicien, ses sous-dialectes, ses variétés, comme distincts du portugais, non pas géographiquement, mais linguistiquement (surtout la nasalité vocale), voilà la grande affaire [*Correspondance*, p. 29].

Esta correspondencia ten lugar xa en pleno rexurdimento galego e conta xa coa base de obras lingüísticas tan importantes como, p.e., a gramática de Saco y Arce. É un documento valiosísimo que, cunha visión filolóxica impresionante, afronta o estudio de moitos problemas da lingua galega, dos cales só podemos aquí resumi-las principais:

-a **gheada**. O príncipe non sabía nada da existencia deste fenómeno ata coñecelo a través de Gonçalves Viana. A cuestión principal na correspondencia é a de delimita-las fronteiras da gheada e o timbre da súa pronunciación. Os dous chegan á solución que se pronuncia como o *h* polaco, menos forte có *ch* alemán [seguido de *a, u, o*] e moi parecido á *jota* castelá. Non distinguen distintas pronunciacións da gheada. En canto á extensión, pensan que a *gheada* é un fenómeno xeral en

²¹ Bonaparte, 1882-84.

todo galego, pero que é un son estigmatizado con baixísimo prestixio entre os falantes.²²

Il paraît que la prononciation galicienne du *X* fricatif pour *g* explosif est générale en Galice, mais excommuniée par tous les Galiciens qui, à tort ou à raison, prétendent bien prononcer leur dialecte. [*Correspondance*, p. 37]

- o límite entre galego e portugués. Na opinión de Gonçalves Vianna, o único trazo distintivo entre os dialectos a ámbolos lados do Miño é a existencia/non existencia de sibilantes sonoras. O príncipe dubida:

J'ai toujours [...] l'idée que les variétés portugaises pourraient entrer en Galice, ou bien que les variétés galiciennes le pourraient en Portugal. [*Correspondance*, p. 26]

Cre que, ó mellor, os únicos límites son o da gheada e o da existencia de vocais nasais, que non hai en Galicia.²³

- pronunciación do -o final. Para o príncipe, quen sabe que no "galego culto" o o átono se pronuncia como en castelán, esta pronunciación é propia das cidades, xa que fala das

personnes sans instruction, qui prononcent u final e non pas o, comme dans les villes. [*Correspondance*, p. 37]

A pronunciación do o átono coma no castelán explícaa como "castillanismo". Despois de consultar dez libros sobre a lingua galega, anota que

Quant à o final, ou même atone en général, personne n'en parle dans les dix ouvrages, mais il faut bien admettre qu'en dehors des villes ou villages castillanisés ce son existe. [*Correspondance*, p. 41]²⁴

- importancia da cidade de Santiago. Para o príncipe, o dialecto de Compostela é de altísimo interese, como xa puxo de manifesto Alonso Montero:

²² Cf. Fernández Rei 1990: pp. 177ss.

²³ Na perspectiva da dialectoloxía actual, os tres trazos -sonoridade das sibilantes, gheada e nasalidade- separan o galego meridional do portugués setentrional, cf. Fernández Rei 1990: p. 29.

²⁴ Equívocase o príncipe: nun dos libros citados, na *Gaita galega* de Pintos (1853), atópase o verso "Os que dicen que o o de foliada/Debe ser u fundándose no vento/[...] Suplícólles e rógolles que agarden/E queiran dar vagar e tempo ó tempo" (Pintos Villar 1853: p. 24). Bonaparte fala só do libro de Varnhagen, *Trovas e cantares*, Madrid 1849, onde atopa a frase "Toquen us galegus, e canten us cregus." [*Correspondance*, p. 42] É sabido que na literatura española do Século de Ouro, os galegos se imitaban con este trazo, véxase p. e. na *Mojiganga de las visiones de la muerte* de Calderón de la Barca: "Gallegos: <Ay por aquí, Duminga, ay por aquí, Lorenzo.>" cf. A. de la Granja, *Entremeses y mojigangas de Calderón para sus Autos sacramentales*, Granada 1981.

Al príncipe le interesaba de un modo especial porque lo consideraba el meollo de la "coíné" gallega. [Alonso Montero, 1962, p. 5]

O príncipe sabía moi ben polo coñecemento da historia doutras linguas da importancia dunha sociedade urbana para a creación dunha lingua común:

il ne faut pas oublier que "compostellan" pour "galicien" est à peu près, ou peu s'en faut, comme "toscan" et "castillan" pour "italien" et "espagnol", ou comme portugais méridional et surtout "lisbonnien" pour "portugais" [*Correspondance*, p. 16].

A distinción entre fala "rústica" e fala urbana, faina repetidamente, p.e. cando lle pide a Gonçalves Vianna

autant de détails sur le gallego en général et surtout sur celui de Compostella, soit de la ville elle-même, soit sur la variété rustique des gens de la campagne des environs de Santiago [*Correspondance*, p. 19]

5. O príncipe Bonaparte: precursor

Entre os lingüistas do século XIX, o papel de Louis Lucien Bonaparte é sobranceiro: fóra de Galicia, sen nunca pisar terras galegas, adquire uns coñecementos extraordinariamente interesátes e -sobre todo en relación co que se sabía na época- bastante completos. É unha pena que unha persoa de semellante afán filolóxico nunca viaxase a Galicia e que nunca investigase a realidade lingüística *in situ*. Resumámo-las ideas principais do príncipe sobre a lingua galega:

- merece a súa atención xa por se-lo primeiro en publicar un libro enteiramente escrito en gallego no século XIX

- os coñecementos dialectolóxicos son testemuños importantes para o estudio da historia da lingua

- para o príncipe, o galego é -lingüisticamente- un *co-dialecto* do portugués, parte dunha unidade lingüística do occidente peninsular, cunha evolución propia a earón da portuguesa²⁵

- o príncipe xa tiña unha idea moi clara do que podería se-lo galego escrito. Os seus criterios de ortografía -e de corrección idiomática en xeral- sorprenden á vista dos criterios actuais, semellantes en moitos puntos, e á vista das posteriores polémicas.²⁶ Bonaparte buscaba unha koiné literaria dun galego culto, pensando sobre todo na

²⁵ "Je considère comme appartenant au groupe portugais, non seulement 1.º) le portugais de Portugal et d'Olivença, qui était naguère une ville portugaise, -mais aussi comme dialectes distincts 2.º) le gallego de Galice, et 3.º) le mirandez." (en: Vasconcellos 1890-92: p. 344).

²⁶ Véxase p.e. Hermida, 1987.

importancia da cidade de Compostela como centro de gravitación lingüística en Galicia.²⁷ Sería tarefa dun estudio máis amplo investigar as orixes das ideas e dos criterios bonapartianos en detalle, quedando aínda moito na escuridade da historia: ¿Ata que punto a ortografía e os criterios de Bonaparte corresponden a unha tradición, ata que punto son invento seu? ¿Xa tiñan os galegos de mediados do século XIX criterios de distinción entre diferentes variedades diafásicas do galego? ¿Ata que punto Compostela xa se consideraba como centro lingüístico?

O profesor Alonso Montero descubriu nos anos 60 a obra sobre lingua galega do príncipe. Vovemos a descubri-la neste artigo, xa noutra época, cando a historia deu outro rexurdimento á lingua galega. Agora sería un desexo para a investigación da historia da lingua galega edita-la obra completa aquí bosquexada nunha monografía, para que Bonaparte chegue a coñecerse -e a recoñecerse- como o que é na realidade: un verdadeiro precursor da lingüística galega.

Bibliografía

- Alonso Montero, Jesús (1962): "El Príncipe Luis Luciano Bonaparte en la lingüística gallega", *BCPMHAL* 7, 57/58, pp. 1-5.
- (1963): "El Evangelio de San Mateo. Estudio lingüístico de la traducción gallega de José Sánchez Santamaría (1861)", *BCPMHAL* 7, 59/60, pp. 210-214.
- Álvarez Blanco, Rosario (1980): *O pronome persoal en galego*, Tese. Santiago.
- Arana Martija, José Antonio (1990): *Bibliografía bonapartiana*, Bilbao.
- Bonaparte, Louis-Lucien (1882-84): "Portuguese Vowels, According to Mr. R. G. Vianna, Mr. H. Sweet, and Myself", *Transactions of the Philological Society*, pp. 404-408.
- Bonaparte, Louis Lucien (1991): *Opera omnia vasconice*, ed. facsímil a cargo de José Antonio Arana Martija, 3 vols., Bilbao.
- Bonaparte, Louis Lucien e Vianna, A. R. Gonçalves (1899): "Correspondance philologique", en *Revue Hispanique* 6, pp. 5-51.
- Bonaparte, Luis Luciano (ed.) (1861): *El evangelio de San Mateo traducido al dialecto gallego de la versión castellana de don Felix*

²⁷ Hoxe en día, a historia xustifica a idea do príncipe: como centro administrativo, universitario e -sobre todo- como sede dos medios de comunicación, polo seu prestixio e pola súa situación xeográfica, Santiago é evidentemente o centro máis importante de irradiación da lingua galega.

Torres Amat, por don José Sánchez de Santa María precedido de algunas observaciones comparativas sobre la pronunciación gallega, asturiana, castellana y portuguesa, por el príncipe Luis Luciano Bonaparte, London.

- Collins, Victor (1894): *Attempt at a Catalogue of the Library of the late Prince Louis-Lucien Bonaparte*, London.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo.
- González Echegaray, Carlos (1989): *Catálogo de los manuscritos reunidos por el príncipe Luis Luciano Bonaparte*, 2ª ed. corr. e aum. por José Antonio Arana Martija, Bilbao.
- Hermida, Carme (1987): "A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888)", *Grial* 97, pp. 299-316.
- Pensado Tomé, José Luís (1976): *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega, I.: El diccionario gallego-castellano de F.J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega*, Salamanca.
- Pintos Villar, Xoan Manuel (1853): *A gaita gallega tocada polo gaitero, ou sea carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lengua gallega, e aínda mais*, Pontevedra.
- Vasconcellos, José Leite de (ed.) (1890-92): "L.-Lucien Bonaparte: Notas sobre clasificación de algúns dialectos románicos", en: *Revista Lusitana*, Vol. II, pp. 344-346.
- Vianna, A. R. Gonçalves (1890-92): "Luís Luciano Bonaparte", en: *Revista Lusitana*, Vol. II, pp. 351-352.

Apéndices

Criterios da edición: mantense a grafía e maila puntuación orixinal. O subliñado do orixinal aparece en cursiva. As erratas evidentes do orixinal sublíñanse. Comentarios nosos aparecen entre corchetes.

Apéndice I:

[Anexo a unha carta de Vicente de Turnes a Calisto Vázquez que data do 25 de Abril de 1860:]

Contestación á las preguntas de la carta fecha quince de Marzo ultimo

En las cuatro provincias, en que hoy está dividido el antiguo reino de Galicia, se habla el dialecto gallego con variedad en algunas palabras y frases, peculiares de cada una de aquellas. Igual diversidad se nota de pueblo á pueblo, dentro de una misma provincia; así es que la z, castellana se usa en algunos pueblos, especialm.^{te} de la prov.^a de Lugo: al mismo tiempo, que en otros por un vicio de pronunciacion local se sustituye la z, con la s, lo mismo que la c; así vemos en algunos escritos gallegos: pas, en lugar de paz, y servio, en lugar de servicio: el sonido de esta s, varia de la s castellana de la francesa entre dos vocales, segun las localidades. En el dialecto gallego no se conocen los sonidos nasales. Verdad es, que en algunos parajes fronterizos á Portugal, y Asturias, se usan voces de estas prov.^{as}, más no por eso varia el dialecto en lo esencial.

El sonido de la V, y dela B, se confunden en el gallego hablado, lo mismo que en el castellano. La J, no se conoce en el gallego, y no se puede tampoco asegurar que la S, reemplace a la J, por que su sonido se acerca mas a la ch, francesa y portuguesa, que á la S.

La pronunciacion del diptongo ou, es igual en gallego al portugues amou, sin las variaciones, que este idioma reconoce; por ejemplo en ouro.

Bon, se pronuncia como accion en castellano. El dialecto de que se trata, aunque es uno mismo en toda Galicia, hay sin embargo gran diferencia en las localidades, respecto á la pronunciacion de las vocales abiertas, ó cerradas en los nombres de diferentes cosas, terminacion de adverbios, preposiciones etc.

Entre el dialecto gallego, antiguo y moderno no hay diferencia alguna, pues siempre fué uno mismo: la única que existe es, entre el gallego tosco y rudo q.^e hablan las gentes del campo, y el culto y pulido, q.^e se habla en las Villas y ciudades civilizadas.

Las palabras mas frecuentes, y menos fáciles de pronunciar con exactitud, álos que no son gallegos, son las de xsa, xse, xsi, xso. Algunos escriben xa, xe, xi, xo, en lo cual otros no convienen, siendo yo uno de ellos: la razon es por que la x, es letra del alfabeto castellano, y su pronunciacion mui parecida á la de la J; así es que los castellanos, andaluzes, etc. pronuncian xa, y no xsa; lo que fácilmen^{te} se corrige intercalando la s entre la x, y la a, y así en las demas palabras de igual pronunciacion, segun lo hé visto en algunos impresos gallegos.

Es cuanto mis escasos conocim.^{tos} en la materia permiten contestar á las indicadas preguntas.

Vicente de Turnes

Apéndice II: Cuestións lingüísticas

[Carta de Antonio de Aspiazu a Vicente de Turnes, coas respostas de Vicente de Turnes, do mes de Outubro 1860]

Preguntas feitas por Antonio de Aspiazu

Respostas de Turnes.i;

[as primeiras 17 preguntas non se conservan; intentamos, sen embargo, reconstruí-las]

[1. Daví ó Davi, sin acento

2.

3. Hirman ó hirmau

4. Plural de hirmán

5. Despois ó depois

6. Xeracion ó xeneracion

7. Respecto á los plurales de las palabras masculinas, hay alguna duda,

ya que no se ponen de manera coherente: Xeneracions ó xeneraciós, bons ó bos, uns ó unos, alguns ó algus.

8. Leccios ó leccions

9. Nacimento ó nacemento

10. Recibir ó ricibir

11. Virxen ó virxe

12.

13. Recibeu ó ricibeu

14. Puxolle ó puxolles

15. Estrela ó estrela

16.

17. ...] de la vulgata; y creo que reservadam.^{te} ó con reserva, aun en gallego, debe tener distinto significado; y como es menester expresar la *diligencia* con que Herodes preguntó y no la *reserva*, parece verosímil ó propio cuidadosam.^{te}, á menos q. en gallego no se use este adverbio. Pero que signifique con *cuidado* y no con *reserva*, que en romance tiene diferente acepcion; y de todos modos fijarse en coidado ó *cuidado*.

18. Para ó pra

19. Incienso ó incenso. Tenía entendido que los diptongos ie, ue fuesen contrarios al dialecto gallego: lo que que se prueba en mandamento en vez de mandamiento, si bien una vez se encuentra esta, y las otras aquella voz; pero aunque se ha usado ó adoptado mandamento para todas, respecto de incienso se duda y pregunta. Acerca de *pueblo* hay la misma duda, por cuanto los portugueses escriben tambien pobo; y se ruega su decision, conforme á la generalidad del uso, ó al mejor dialecto gallego:

20. como asibien sobre *cielo* ó *ceu*

21. Cap.^o 2.^o, vers.^o 18, pone es Raquel, lo mismo que Amat, y la 3.a persona de singular del presente de indicativo en gallego es é; y se supone será equivocacion involuntaria del amanuense.

22. Xalilea ó Galilea. Mientras no asegure de un modo positivo que los gallegos dan el sonido fuerte de la j á las sílabas ga, go, gu, se conserva la duda, máxime en los nombres propios como este, el que se pronuncie fuerte; porq. aunque lo es con e, i igualm.^{te} que en castellano, en Galilea se resiste. No obstante, se advierte.

Daví con acento idem

Hirmán

Hirmans

Xseneracion

Xseneraciós,

bo fruto, bos,

uns, algús

leccios

Nacimiento

Recibir

Virxen

Despertou

Recibeu

Puxolle

Estrela

Cuidadosamente

idem

Para

Incienso

pueblo

Cielo

E Raquel

Xsalilea (no hay J en gallego)

23. Ciudadá ó ciuda, sin acento.
24. Ciudadá ó vila. La palabra ciudad del Amat se halla traducida casi siempre *vila* en el Evangelio y parece conforme; mas una ó dos veces está *ciudadá*, y *choca*.
25. Se halla una vez *ciudades* y, en el singular *ciudadá* y no *ciudá*. ¿Es equivocación, ó en el plural desaparece la *d* y se dice *ciudades* en lugar de *ciudadades*?
26. Penitencia, ó pinitencia.
27. Recibian ó ricibian
28. Mesmas ó mśmas
29. Agua ó auga
30. Levarlle ó levalle, por *levar á él*.
31. Man ó ma
32. Man ó mau. Mans ó mas.
33. Levóu ó deserto, ó o levóu á ó deserto. Cast. ^{no}: *le llevó al desierto*.
34. Pans ó pás.
35. Pan ó pá.
36. Demo ó diablo; pues menos una vez siempre se encuentra *demo*, y acaso sea equivocación.
37. Iglesia ó irexa.
38. Moi ó mui.
39. Cap.º 4.º, Vers.º 13, se lee: "Caforaum ciudadá de mar, términos de Zabulon." Quizás no será "Caforaum vila de mar, nos términos de Zabulon." *Nos términos*, en lugar de *términos*. ¿Será mejor ó no?
40. Seguideme ó siguideme.
41. Enseñaballe ó enseñaballes. Aunque sin certeza, parece mejor *enseñaballes* refiriéndose á muchos. Cap.º 5.º, Vers.º 2 dice *los adoctrinaba*.
42. En el cap.º 5.º, vers.º 11, pone: "Bienaventurados *os que perseguidos* por á xusticia", y se ha sustituido con "*os que son perseguidos*": ¿es mejor ó no?
43. Cap.º y vers.º id.: "Cando os homes os *maidixeren é persigan*." Esto es un verbo en futuro y el otro en presente de subjuntivo y en el original pone ambos en futuro; y se supone que en gallego estará admitido así.
44. Cap.º 5.º, vers.º 19, dice el castellano "El que violare" y el gallego "ó que falte". También se supone que estará bien en presente aunque el otro en futuro.
45. Cap.º 5.º, Vers.º 20, dice el manuscrito: "si á vosa xusticia non é mais chea et que á dos fariseos non *entrará* no reino dos cielos" y se ha puesto *entraredes* porque dice así Amat y también el texto latino. ¿Es fundado?
46. Alí, ó alí con acento.
47. Ahi ó ahí id.
48. Maravedí ó maravedí id.
49. Porque ó porqué id.
50. Por los acentos es difícil entender cual es el sistema seguido, ya que las mismas palabras vienen unas veces con él y otras sin él. A pesar de esto se infiere que deben llevarlo todas las vocales sueltas como á, é, ó, según la regla castellana, y se observa que el gallego la usa generalm. ^{te} mas por la omisión de algunos deja duda ó confusión; y es menester aclarar este punto y fijarse en una regla segura.[...]

Ciudadá (co acento)
Puede usarse *vila*, por que no choque

Ciudades
Penitencia
Recibian
Mesmas
Agua auga
Levar
Man
Man
A ó deserto

Pans
Pan
Demo

Iglesia
Moi mui
Terminos de Zabulon

Seguideme
Enseñaballes

Os que son perseguidos

E perseguiren (futuro)

O que faltare

Non entraredes

Alí (con acento)
Ahí (idem)
Maravedí (idem)
Porqué (idem)
Todas las vocales sueltas deben tener acento

Apéndice III.

[p.v] Observaciones sobre la pronunciación del dialecto gallego

1. La *x* se pronuncia como la *ch* francesa en la palabra *chat* (*gato*), ó sea como la *x* y *ch* ^{28*}, en las voces portuguesas *deixar* (*dejar*), *chapeo* (*sombbrero*); como *sh* inglesa en *fish* (*pez*); como *sch* alemana en *Schatz* (*tesoro*), y algo menos fuerte que *sc* y *sci*, en las palabras italianas *pasce* (*apacienta*), *lascia* (*deja*). Esta regla se aplica también a asturiano y á la lengua catalana, que, como el gallego, carecen del sonido gutural de la *j*. El castellano, por el contrario, no conoce el de la *x* gallega, asturiana, portuguesa y catalana.

El sonido de la *j* portuguesa, idéntico al de la *j* francesa y de la *s* inglesa en la voz *pleasure* (*placer*), es igualmente desconocido en castellano, gallego y asturiano.

2. A la *v* tanto en gallego como en asturiano, y comun-[p.vi]mente en castellano, se le da el sonido de la *b*; y bien que los catalanes y portugueses hagan en general la debida distinción entre los sonidos de estas dos letras, no pocos de los primeros, y los de la provincia Entre-Duero y Miño entre los segundos, suelen también confundirlos.

3. *Nh* en la palabra *unha* (*una*), y sus derivativos, se pronuncian como la *n* de la palabra castellana *vengo*, y como *ng* en la voz inglesa *strong* (*fuerte*), ó en la alemana *fangen* (*tomar*), esto es, sin usar de la punta de la lengua, y no como en las voces castellanas *mano*, *luna*, *una*. La *n* en fin de dicción ó seguida inmediatamente de la *s*, como en los plurales *bons* (*buenos*), *uns* (*unos*), recibe las mas de las veces el sonido de *nh*.

4. La *z* en todos los casos, y la *c* en las sílabas *ce*, *ci*, se confunden en algunas partes de Galicia con la *s*; pero es menester guardar la pronunciación castellana, y nunca dar á la *z* el sonido de la *s* y *z* francesas en las voces *rose* (*rosa*), *zone* (*zona*), como se hace en portugués cuando la *z* no es final, y cuando la *s* se halla entre dos vocales. Este último sonido no es propio del gallego, aunque se encuentra en algunas partes de Galicia. [p.vii]

5. La *o*, 1º cuando es final, 2º en los monosílabos *o* (*el*), *do* (*del*), *no* (*en el*), *os* (*los*), *dos* (*de los*), *nos* (*en los*), 3º en las terminaciones plurales en *os*, y también algunas veces cuando no recae sobre ella el acento tónico, en muchas partes de Galicia, aunque no en los pueblos cultos, se pronuncia casi como la *u*. Lo mismo sucede en portugués; y en asturiano la conversión de la *o* en *u* es completa en las terminaciones masculinas del singular de los nombres, los cuales por esto se escriben con esta última vocal, como en las voces *güeyu* (*ojo*), *bonu* (*bueno*), á diferencia del neutro y del plural *bono*, *bonos*, que se pronuncian y escriben con *o* como en castellano.

6. La sinalefa es muy comun en gallego, y por esto en lugar de *de este*, *en este*, *a aquel* se pronuncia *deste*, *neste*, *aquel*. Se ha adoptado el apóstrofo en las preposiciones *de* y *en*, següidas de las voces *el*, *este*, *ese*, *aquel*, *un*, aunque, á imitación de la lengua portuguesa, no se haya usado de él con las demás partículas y otras voces, para no desfigurarse demasiado el impreso.

Los artículos *o*, *os*, unidos á la preposición *a*, á pesar de que se hallen escritos *ao*, *aos*, se pronuncian casi siempre como *o*, *os*, en castellano. Los portugueses también escriben *ao*, *aos*, y pronuncian generalmente *o*, *os*, dando á la *o* el sonido que sus gramáticos llaman abierto. [p.viii]

Se llama la atención de los filólogos sobre las propiedades gramaticales de este hermoso dialecto, y no se duda que su estudio concurra á confirmar la opinión de que el gallego, al contrario del asturiano, tiene menos afinidad con el castellano, que con el portugués, del cual no difiere mas de lo que suelen diferir dos dialectos de una misma lengua, como esperamos aclararlo mejor en un ensayo gramatical comparativo, seguido de un diccio-

^{28*} Los portugueses de la provincia de tra-los-Montes dan á la *ch* el mismo sonido que los castellanos y gallegos.

^{29*} También en Galicia hay diferencia, según las localidades, respecto de las vocales abiertas ó cerradas.

nario de todas las voces gallegas de la presente traduccion, con sus correspondientes en castellano y en portugués.